

Documentos técnicos
de Saúde Pública

Serie C. Nº 9

GUÍA PARA O CRIBADO,
DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO
DA HIPOACUSIA NEONATAL 2002



XUNTA DE GALICIA

**PROGRAMA
GALEGO PARA
A DETECCIÓN
DA XORDEIRA
EN PERÍODO
NEONATAL**



**GUÍA PARA O CRIBADO,
DIAGNÓSTICO E
TRATAMENTO
DA HIPOACUSIA
NEONATAL 2002
GALICIA 2002**

Director Xeral de Saúde Pública
José Manuel Barral Castro

Dirección técnica
José Luis Aboal Viñas
Teresa Cerdá Mota

Autores
Pablo Parente Arias
Ramón Vizoso Villares

Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de
Saúde Pública. Santiago de Compostela.

Maquetación e Realización: Aroprint, s.l.

I.S.B.N.: 84-453-3439-5

D.L.: PO-598-02

ÍNDICE

PRESENTACIÓN _____

INTRODUCCIÓN _____

I. CRIBADO _____

II. DIAGNÓSTICO _____

III. TRATAMIENTO _____

IV. AVALIACIÓN _____

V. ANEXOS _____

Presentación

A atención dos nenos con déficit sensorial é unha preocupación desta consellería. No marco deste interese nace o Programa para a Detección da Xordeira en Período Neonatal, co obxectivo de mellora-la capacidade de comunicación e adquisición da linguaxe dos nenos nados con hipoacusia neurosensorial incapacitante da nosa Comunidade Autónoma, a través do tratamento precoz, o cal incidirá demaneira positiva no seu desenvolvemento cognitivo e integración social.

O inicio precoz do tratamento esixe a creación dun sistema de cribado neonatal de hipoacusia, xa que esta incapacidade lles pode pasar inadvertida ós pais durante anos, perdendo así un tempo moi valioso para a rehabilitación do neno. Por isto, o programa articula a realización do cribado co diagnóstico e o tratamento dos nenos ós que lles identificámo-lo déficit.

Sen embargo, facer realidade estes propósitos na nosa Comunidade require a implantación progresiva que permitirá garanti-la equidade no acceso a tódolos nenos galegos. Ademais, para garanti-la calidade do programa é preciso dispoñer de protocolos unificados e a asunción de procedementos comúns. Esta necesidade vén a ser cuberta pola edición desta guía, froito do traballo e do consenso de profesionais dos nosos hospitais, involucrados na atención de nenos con problemas auditivos.

A presente guía estrutúrase en 5 bloques, nos que se describe e pormenoriza os protocolos que rexen as diferentes partes do programa: realización do cribado, consecución dun diagnóstico, indicacións de tratamento, método de seguimento dos nenos con hipoacusia e un anexo cos documentos relacionados.

Pretende ser, ademais, un documento dinámico que evolucione e recolla as continuas melloras nos sistemas de cribado, diagnóstico audiolóxico e tratamento, constituíndose nunha guía que non só unifique senón que tamén axude e sexa de utilidade ó profesional no tratamento integral do neno con hipoacusia.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

Introducción

A hipoacusia é a diminución da percepción auditiva. A hipoacusia neurosensorial (HNS) é unha discapacidade de especial importancia na infancia xa que é permanente e afecta ó desenvolvemento intelectual e social do neno, que está ligado á información auditiva que chega ó sistema nervioso central.

O Programa Galego para a Detección da Xordeira en Período Neonatal ten como obxectivo mellora-la calidade de vida dos nenos nados con hipoacusia incapacitante na nosa comunidade, a partir da detección precoz do déficit, o seu diagnóstico e tratamento temperán, obxectivo complexo no que para a súa realización interveñen profesionais de distintas áreas e que debe ser asumido de forma coordinada.

Para cumprir iste obxectivo organízanse unidades funcionais, que están presentes nos diferentes hospitais dependendo dos seus recursos e capacidade técnica, e que serán responsables das tres etapas nos que se configura o programa:

Unidades de cribado: encárganse da detección precoz a través do cribado auditivo durante o período neonatal. É a responsable da realización dunha proba de cribado a tódolos neonatos e a derivación daqueles que non pasen a proba a diagnóstico. Estas unidades estarán presentes en tódalas maternidades dos hospitais da rede pública e maternidades privadas adheridas. A descrición da unidade de cribado e dos procedementos e protocolos de cribado detállanse no epígrafe "CRIBADO".

Unidades de diagnóstico: encárganse da realización do diagnóstico dos nenos remitidos desde as unidades de cribado. Estas unidades funcionais estarán compostas por persoal do hospital e realizarán as probas necesarias para confirma-lo diagnóstico de hipoacusia nos neonatos derivados das unidades de cribado. A existencia dunha unidade de diagnóstico dependerá da capacidade técnica e recursos do hospital. Os procedementos que realiza a unidade de diagnóstico son detallados no epígrafe "DIAGNÓSTICO".

Unidades de tratamento: son as encargadas de trata-los nenos detectados polo programa o déficit dos cales foi confirmado pola unidade de diagnóstico. Son unidades funcionais multidisciplinares que asumen o tratamento en conxunto do neno detectado. A existencia de unidade de tratamento e a súa capacidade para tratar xordeira profunda dependerá dos recursos humanos e técnicos do hospital. Os procedementos que rexen o funcionamento da unidade de tratamento aparecen detallados no epígrafe "TRATAMENTO".

Estas unidades son as encargadas de realizar tódolos procedementos necesarios para levar a cabo o programa e están coordinadas pola unidade central, pertencente á Dirección Xeral de Saúde Pública. A función principal da unidade central é o mantemento do cribado así como formación e control de calidade.

Ademais a unidade central realizará o control de todo o proceso mediante a avaliación continua da actividade e dos resultados a través da recollida, redacción e difusión de indicadores, que veñen detallados no epígrafe "AVALIACIÓN".

CRIBADO



Director Xeral de Saúde Pública

José Manuel Barral Castro

Dirección técnica

José Luis Aboal Viñas

Teresa Cerdá Mota

Elaboración e redacción

Pablo Parente Arias

Asesores técnicos

Juan José Delgado Domínguez

Atención Primaria. A Coruña

Pilar Gómez Besteiro

Manuel Blanco García

Complexo Hospitalario Xeral-Cíes

Nieves Ara Esteban

Paz Diéguez Montes

Gonzalo González Lorenzo

José Sexto Domínguez

Complexo Hospitalario de Pontevedra

Lourdes Castro Carballo

José Rodríguez Cervilla

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Inmaculada Rodríguez Varela

José Luis Fernández Trisac

Maribel Taboada Perianes

Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo

ÍNDICE

I.1. INTRODUCCIÓN	15
I.2. ORGANIZACIÓN	21
I.2.1. Organización xeral	21
I.2.2. Unidade Central	23
I.2.3. Unidades de Cribado	31
I.2.3.1. Procedementos	52
I.2.3.1.1. Identificación dos neonatos	52
I.2.3.1.2. Información ós pais	56
I.2.3.1.3. Realización da proba: cribado	59
I.2.3.1.4. Derivación para realización de diagnóstico	63
I.2.3.1.5. Busca de casos perdidos	65
I.2.3.1.6. Introducción de resultados	69
I.3. FORMACIÓN	73

I.1. INTRODUCCIÓN

A hipoacusia neurosensorial é unha das enfermidades conxénitas cribables máis frecuentes no período neonatal; cífrase a súa incidencia entre o 1 e o 3 por mil dos neonatos vivos, o que supón que, cada ano, entre 19 e 55 nenos/as da nosa Comunidade Autónoma nacen con hipoacusia moderada, severa ou profunda.

Esta enfermidade non só provoca unha discapacidade sensorial senón que, ó aparecer antes da aprendizaxe da linguaxe, dificulta a adquisición das habilidades comunicativas, provocando, en moitos casos, un déficit cognitivo, social e emocional.

Recentes investigacións reforzaron a idea de que o tratamento e a rehabilitación precoz melloran significativamente a adquisición da linguaxe por estes nenos, chegando a encontrar un punto de inflexión na idade de inicio de tratamento con respecto ás habilidades que adquiren, que se cifra nos seis meses de idade.

O obxectivo do Programa Galego para a Detección da Hipoacusia en Período Neonatal é mellora-la linguaxe nos nenos con hipoacusia incapacitante, a través da detección precoz que permita o tratamento da hipoacusia ós seis meses de idade.

Sistema de detección precoz

Actualmente utilízanse dous sistemas para a detección precoz da xordeira: o rexistro de alto risco, mediante o cal se seleccionan os neonatos con maior probabilidade de padecer hipoacusia (criterios de alto risco: antecedentes familiares e patoloxía pre-perinatal), ós cales se lles realiza unha proba obxectiva, e o cribado universal, en que a proba se efectúa en tódolos neonatos.

O sistema escollido polo Programa Galego é o cribado auditivo neonatal universal xa que este método demostrou maior eficacia na detección precoz da hipoacusia có sistema de rexistro de alto risco, no que se chega a diagnosticar arredor do 50% dos nenos nados con hipoacusia.

Test de cribado

Os tests de cribado auditivo están baseados nun destes fenómenos fisiolóxicos: as otoemisións acústicas e os potenciais evocados auditivos. Previamente, realizouse un estudio da aceptabilidade, validez e fiabilidade de ámbolos métodos, seleccionando o test de potenciais evocados automatizado como o máis idóneo para a súa inclusión no programa.

A proba escollida, potenciais evocados automatizados, busca a existencia de resposta eléctrica cerebral a estímulos sonoros. O equipo de cribado xera sons nos oídos do neonato e recolle a resposta troncoencefálica mediante electrodos de superficie adheridos á pel. Inmediatamente analiza os datos recollidos e responde de forma clara se o bebé pasou a proba ou debe remitirse para completa-lo diagnóstico.

O sistema reconece a funcionalidade da cóclea e da vía auditiva preencefálica, polo que pode captar hipoacusias neurosensoriais tanto cocleares como retrococleares. Deste modo, ó testar gran parte da vía auditiva, aumenta a súa sensibilidade chegando ó 99.9 %. Segundo diversos estudos a especificidade da proba atópase entre o 93 e o 98%, polo que a porcentaxe de neonatos derivados para a realización de novas probas diagnósticas se estima entre o 2 e o 7%.

Outra característica da proba é que pode realizarse ás poucas horas de nacer sen diminuír significativamente a súa fiabilidade.

Cándo se realiza o cribado

Para alcanza-lo obxectivo do programa (realizarlles unha proba de audición a tódolos neonatos na Comunidade) a proba realizarase, preferentemente, antes de que o neno abandone o centro sanitario. Na actualidade, máis do 99% dos nenos galegos nacen en maternidades públicas ou privadas, onde permanecen unhamedia de dous días.

Esta curta estancia no centro hospitalario é o momento de maior accesibilidade ó neno, xa que se pode producir mobilidade xeográfica ou outras dificultades que impidan acudir a unha cita posterior para realiza-la proba, coas consecuentes perdas.

Ónde se realiza o cribado

O programa porá á disposición de tódolos neonatos en Galicia o test de cribado auditivo, a través da implantación progresiva na rede de hospitais públicos e hospitais e maternidades privadas adheridas. Esta proba realizaraa persoal de enfermería debidamente formado no cribado auditivo. Nos centros adheridos, a proba estará integrada nos coidados realizados polo persoal de enfermería ó neonato.

Procedementos de cribado

A realización do cribado non consiste só na realización da proba senón que comprende outros procedementos que, no seu conxunto, garanten o acceso, a información e a calidade do proceso. Estes procedementos permiten a correcta información dos pais, a identificación dos neonatos que non pasan a proba, a busca daqueles que abandonaron o hospital sen pasaren o test e

o rexistro dos datos. Unha breve introducción ós procedementos vén reflectida no esquema adxunto (*esquema 1*).

O primeiro paso é a identificación e o rexistro dos neonatos que deben ser cribados. Esta tarefa pode ser realizada polo Servizo de Admisión do centro, dentro das súas responsabilidades. Sen embargo, nos centros nos que os neonatos sans non son identificados e rexistrados ó naceren, o primeiro paso por parte da unidade de cribado debe se-la localización e identificación de tódolos neonatos vivos, relación que se recollerá do libro de partos. Desta maneira evítase que traslados ou altas maternas precoces provoquen perdas, ó permitir que o bebé abandone o centro sen que coñezámo-la súa existencia. Para o seu rexistro, os datos que obtemos son introducidos nun programa informático específico.

A realización do test debe ser sempre precedida de información, tanto oral como escrita, ós pais ou titores do neonato sobre a realización da proba e os posibles resultados. Unha vez terminada a proba, estes deben ser informados do resultado do test de forma individualizada, pola propia enfermeira se o resultado é negativo (podemos descartar hipoacusia incapacitante) e por un médico do programa se este é positivo (o neno é sospeitoso de padecer déficit auditivo). Estímase que a duración de todo o procedemento é de 20 minutos para cada neonato.


No caso de que o test sexa positivo ou non sexa posible completalo correctamente, derivarase o neonato a unha consulta especializada en audioloxía infantil, feito que se estima que sucederá no 2 ó 7% dos neonatos cribados.

Nestas consultas, presentes nos principais hospitais de Galicia, realizaranse as probas audiolóxicas e otolóxicas correspondentes que, en primeiro termo, confirmen ou

descarten a hipoacusia. Unha vez confirmado o déficit, realízase un estudo para caracterizala hipoacusia e indicar, con tódolos elementos de xuízo necesarios, o tratamento, conducindo o bebé e os pais á unidade de tratamento para a súa rehabilitación temperá. Unha correcta realización do cribado e do diagnóstico permitiranos lograr detectalo 90% dos casos, o que supón entre 17 e 49 nenos ó ano.

O tratamento defínese de forma individualizada atendendo as características otolóxicas e audiolóxicas da hipoacusia, a concorrencia doutros déficits sensoriais e cognitivos, a adaptación social e familiar e a opinión dos pais. Levarase a cabo a través dun equipo multidisciplinario, que porá á disposición do neno e dos pais os medios necesarios para o seu correcto tratamento: técnicos (audífonos e implantes cocleares), médicos e cirúrxicos.

Esquema 1



I.2. ORGANIZACIÓN

I.2.1. Organización xeral

O Programa Galego para a Detección da Xordeira en Período Neonatal, que ten por obxectivo a mellora da calidade de vida dos nados con hipoacusia incapacitante a través do diagnóstico precoz, vai ser levado a cabo en diferentes hospitais e centros maternos de toda Galicia. Isto require a organización das persoas encargadas e a coordinación das súas funcións e tarefas.

O primeiro paso é a realización de cribado auditivo neonatal. Para iso organízase, na rede de hospitais públicos e hospitais e maternidades privadas adheridas, unidades funcionais que se denominarán **unidades de cribado**. Este grupo de persoas, que terán como función a execución do programa no centro hospitalario, estará composto por persoal do propio centro que asumirán entre as súas tarefas as concernentes á realización do cribado e derivación a diagnóstico e tratamento.


As unidades de cribado contarán con persoal de enfermería, que será o encargado de realiza-las probas. Cada unidade contará con persoal suficiente para permiti-la realización das probas tódolos días do ano. O persoal encargado desta tarefa será formado especificamente, non só para realiza-la proba, senón tamén para informa-los pais sobre a proba que se vai realizar e o significado do resultado negativo.

O labor de cribado será coordinado por unha enfermeira ou enfermeiro (*coordinadora ou coordinador da unidade*), que velará pola realización da proba a tódolos neonatos (mediante o seguimento dos neonatos rexistrados e a vixilancia das perdas) tódolos días (mediante a previsión do persoal cribador

e do material e desbotables necesarios) e a derivación daqueles que requiran máis probas (a través da xestión de citas ás unidades de diagnóstico). Desta forma, preténdese que tódolos neonatos teñan acceso ó test e que aqueles que sexan derivados teñan a cita na unidade de diagnóstico antes da súa saída do hospital.

A unidade de cribado debe tamén asegura-la chegada do neonato derivado á consulta diagnóstica. Para iso contará cun/cunha *supervisor/a médico* que, dentro do seu cometido de supervisión do cribado, levará a cabo a vixilancia do sistema de derivación, que alerte ante demoras no diagnóstico e tratamento dos nenos identificados. As funcións de coordinación e supervisión serán apoiadas polos *médicos asociados*. A coordinación de tódolos elementos da unidade de cribado será rexida por unha comisión que, mediante reunións periódicas, abordará os problemas suscitados no funcionamento do programa.

Tódalas unidades de cribado que funcionarán nos centros se unirán a través dunha **unidade central**. As súas funcións serán as de coordinación, control, apoio loxístico e técnico da unidade de cribado, como amosa o esquema adxunto. A organización da unidade central detallarase posteriormente.




I.2.2. Unidade Central

FUNCIÓNS

- ⊙ Subministración:
 - ⊙ Equipos e material desbotable ás unidades de cribado.
 - ⊙ Fichas de rexistro e follas de cribado.
 - ⊙ Etiquetas adhesivas.
- ⊙ Formación inicial e formación continuada.
- ⊙ Asesoría técnica.
- ⊙ Programación de obxectivos e xestión do seu cumprimento.
- ⊙ Avaliación da actividade e resultados do programa.
- ⊙ Xestión do sistema de adquisición e análise de datos.
- ⊙ Representación externa do programa.
- ⊙ Análise e solución dos problemas de funcionamento xeral.
- ⊙ Desenvolvemento dun sistema de recollida de información e análise entre os membros participantes no programa (unidades de cribado, diagnóstico e tratamento) e a unidade central
 - ⊙ Reunión anual do Programa
 - ⊙ Sistema de queixas e suxerencias
 - ⊙ Formación de grupos de traballo en melloras
- ⊙ Difusión da información.
 - ⊙ Realización de informes e remisión deles ás unidades de cribado.
 - ⊙ Deseño e edición de material informativo.

ESTRUCTURA



LOCALIZACIÓN

- Servicio de Programas Poboacionais de Cribado. Dirección Xeral de Saúde Pública.

RECURSOS HUMANOS

RESPONSABLE DO PROGRAMA

Denominación

Responsable do Programa Galego para a Detección da Xordeira en Período Neonatal.

Identificación

Será designado pola Dirección Xeral de Saúde Pública. O seu nomeamento seralles comunicado a tódalas comisións hospitalarias e ós/ás supervisores/as e coordinadores/as das unidades de cribado.

Funcións

- Coordinación da unidade central coas unidades de cribado.
- Control da subministración ás unidades de cribado.
- Organización da formación.
- Representación exterior do programa.
- Avaliación dos resultados e actividade do programa.
- Difusión da información.
- Control sistema de datos: xestión e análise da base de datos.
- Creación dun sistema de rexistro de casos de xordeira detectados.
- Difusión de información a medios de comunicación.

Tarefas que hai que realizar

- Comunicación sistemática co/a coordinador/a e supervisor/a das unidades de cribado.
- Material:
 - Detección de necesidades.
 - Estudio de novos materiais.
 - Redacción e xestión de expedientes de compra.
 - Recepción e resposta das peticións de material das unidades de cribado.
 - Deseño e edición de material informativo.
- Organización dos cursos de formación.
- Asistencia a reunións, conferencias e comisións sobre cribado auditivo neonatal.
- Participación do programa en redes nacionais e internacionais.
- Redacción de informes.
- Redacción de informes dos indicadores e proposta de substitución ou creación de novos indicadores.
- Estudio de problemas de xestión do programa e proposta de resolución.

Responsabilidade

- Subministración ás unidades de cribado.
- Programación de cursos para cribadores e coordinadores.
- Información e valoración dos resultados dos indicadores e remisión ás unidades dos informes correspondentes.
- Coordinación do programa con outros programas relacionados, tanto internos como externos á DXSP.

Sistema relacional

Vertical

Ascendente

Xefe do Servizo de Programas Poboacionais de Cribado, Dirección Xeral de Saúde Pública.

Descendente

Auxiliar do programa.

Horizontal

Asesor/a do programa.

Coordinadores/as das unidades de cribado, supervisores/as das unidades de cribado.

Cualificación de entrada

- Formación académica: a correspondente ós grupos A ou B do funcionariado da escala de saúde pública e administración sanitaria.

Cualificación de mantemento

- Realización de alomenos un curso relacionado, entre os ofertados como formación continuada dentro da Dirección Xeral de Saúde Pública, con duración total mínima de 10 horas anuais ou asistencia a congresos ou reunións relacionados co cribado da hipoacusia.

ASESOR

Denominación

Asesor do Programa Galego para a Detección da Xordeira en Período Neonatal.

Identificación

Será designado pola Dirección Xeral de Saúde Pública e o seu nomeamento seralles comunicado a tódalas comisións hospitalarias e ós/ás supervisores/as e coordinadores/as das unidades de cribado.

Funcións

- Información técnica dos aspectos relacionados.
- Formación.
- Representación do programa.

Tarefas que hai que realizar

- Asesoría técnica e científica en:
 - Compra dematerial.
 - Cursos de formación.
 - Deseño e edición dematerial informativo.
 - Avaliación de resultados e actividade.
- Asistencia ás reunións de coordinación na unidade central.
- Asistencia a actos concretos como representante do programa.
- Impartición de cursos de instrucción.
- Asesoría das unidades de cribado por petición da unidade central.

Responsabilidade

- Facilitarlle información científica e técnica, de forma actualizada e rigorosa, á unidade central acerca de cribado audiolóxico e audiología infantil
- Formación dos cribadores e coordinadores.

Sistema de relación

Como asesor do programa relacionarase directamente co responsable do programa.

Cualificación de entrada

- Formación académica: licenciado en medicina e cirurxía, especialista en otorrinolaringoloxía.
- Coñecementos en audiología infantil recoñecidos mediante, alomenos, unha das seguintes formas:
 - Realización de alomenos un curso acreditado sobre otorrinolaringoloxía pediátrica, cribado auditivo neonatal ou audiología infantil.
 - Realización de traballos de investigación (publicados ou presentados en congresos da especialidade) sobre audiología infantil.
 - Realización de tese de doutoramento sobre un tema de audiología infantil.
- Experiencia en programas de cribado auditivo, demostrable dalgunha das seguintes formas:
 - Organización e xestión dun programa de cribado auditivo.
 - Participación como supervisor ou médico asociado dunha unidade de cribado.

AXUDA ADMINISTRATIVA

Denominación

Auxiliar administrativo da unidade central.

Identificación

Será designado pola unidade central e comunicáraselles a tódolos/as supervisores/as e coordinadores/as das unidades de cribado.

Funcións

Axuda administrativa do responsable do programa.

Tarefas que hai que realizar

- Escribir oficios e cartas.
- Arquivar documentación.
- Enviar e-mail.
- Envío do material ás unidades de cribado.
- Atender chamadas telefónicas.
- Realización de *mailing*.
- Informatización de datos de diagnóstico e tratamento.
- Apoio administrativo xenérico.

Sistema relacional

Vertical

Ascendente

Responsable do programa e xefe do Servicio de Programas Poboacionais de Cribado.

Cualificación de entrada

- Auxiliar administrativo: equivalente á formación dos grupos D ou C de funcionariado.

Cualificación de mantemento

- Realización de alomenos un curso de informática ou relacionado ó ano, dentro dos ofertados pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

RECURSOS MATERIAIS

LOCAL

- Posto de traballo do responsable do programa.
- Posto de traballo para o administrativo do programa.

MATERIAIS

- Mobiliario de oficina.
- Material de oficina.
- Liña telefónica.
- Conexión de rede.
- Ordenador.
- Material informático.
- Impresoras.
- Material de imprenta.

Sistema de mantemento e xestión propios da DXSP.

I.2.3. Unidades de cribado

FUNCIÓNS


- Realización do cribado.
- Derivación para realización de diagnóstico.

TAREFAS

- Rexistro dos neonatos nos centros onde o rexistro non é responsabilidade do Servicio de Admisión.
- Identificación dos neonatos que deben ser cribados.
- Realización do cribado.
- Derivación dos positivos.
- Introducción de resultados en base de datos.
- Información ó usuario:
 - Información sobre a proba.
 - Información sobre o resultado.
 - Resposta a dúbidas e queixas.

ESTRUCTURA

A unidade estará integrada por un/unha supervisor/a, un/unha coordinador/a, enfermeiras cribadoras e médicos asociados, así como por unha comisión hospitalaria de cribado, diagnóstico e tratamento da hipoacusia.



COMISIÓN HOSPITALARIA

Denominación

Comisión Hospitalaria de Cribado, Diagnóstico e Tratamento da Hipoacusia Infantil.

Composición

Os integrantes da comisión serán designados polos órganos directivos de cada hospital. Propónse a inclusión de representantes de:

- Dirección médica e Dirección de enfermería.
- Servizos implicados: Pediatría, Otorrinolaringoloxía e Foniatría.
- Supervisor/a da do programa.
- Coordinador/a da unidade.
- Asistente social.
- Servizo de Admisión.

Identificación

A súa composición será comunicada pola dirección hospitalaria a:

- Unidade central.
- Coordinador e supervisor.
- Médicos asociados.
- Xefes do Servizo de Neonatoloxía, Otorrinolaringoloxía e Rehabilitación.

Funcións

- Coordinación das tres fases do programa: cribado, diagnóstico e tratamento dentro do hospital.
- Análise en sistema de derivacións.
- Análise dos problemas de funcionamento interno do programa.
- Avaliación interna da actividade e resultados.
- Formulación de necesidades.
- Análise do circuíto de rexistro de neonatos

Tarefas que hai que realizar

- Reunións periódicas (a dita periodicidade será establecida pola propia comisión).
- Recepción e estudio dos indicadores do programa na unidade de cribado.
- Estudio de necesidades.
- Propostas de actuación á dirección do hospital en sistema de derivacións e funcionamento interno da unidade de cribado, diagnóstico e tratamento.

Responsabilidade

- Responsable do funcionamento interno e coordinación do programa en cada hospital.

RECURSOS HUMANOS

SUPERVISOR

Denominación

Supervisor/a da unidade de cribado.

Identificación

Será designado polos órganos directivos do hospital. O seu nomeamento será comunicado á unidade central, ós integrantes da unidade de cribado e a todo o persoal do hospital relacionado: médicos e enfermeiras que atendan nas áreas de pediatría, ORL e foniatría pediátrica.

Funcións

- Supervisión e coordinación das tres fases do programa: cribado, diagnóstico e tratamento dentro do hospital.
- Coordinación da unidade de cribaxe coa unidade central.
- Información ós pais dos nenos referidos para diagnóstico, (esta tarefa poderá ser delegada nos médicos asociados).
- Información a usuarios por petición de coordinadora ou médicos asociados (dúbdas e queixas).
- Información e publicitación do programa dentro do hospital, (esta tarefa poderá ser delegada nos médicos asociados).
- Supervisión e formación continuada do persoal cribador.
- Avaliación dos indicadores de actividade.
- Resolución de preguntas e queixas, (esta tarefa poderá ser delegada nos médicos asociados).

Tarefas que hai que realizar

- Fixa-lo número mínimo de médicos asociados.
- Contacto periódico cos médicos responsables de diagnóstico e tratamento.
- Contacto periódico co/coa coordinador/a de cribado.
- Asistencia a sesións de cribado específico cando o/a coordinador/a o requira, ou, persoalmente se a análise dos indicadores o recomenda.
- Recepción dos indicadores do programa dentro do hospital, presentación destes na comisión hospitalaria e na unidade de cribado.
- Asistencia ás reunións de coordinación do programa.
- Programación, deseño e realización de cursos de formación continuada, se se require, en coordinación coa unidade central.

Responsabilidade

- Asegura-lo sistema de derivacións.
- Vixilancia de perdas en derivación.
- Coordinación entre os diferentes servicios incluídos no programa.
- Control de calidade interno.

Sistema relacional

Vertical

Ascendente

Comisión hospitalaria.

Descendente

Coordinador/a da unidade de cribado.

Horizontal

Médicos asociados.

Unidade central.

Cualificación de entrada

- Formación académica: licenciado en medicina e cirurxía, especialista en otorrinolaringoloxía.
- Coñecementos en audioloxía infantil recoñecidos mediante, alomenos, unha das seguintes formas:
 - Realización de, alomenos, un curso acreditado sobre otorrinolaringoloxía pediátrica, cribado auditivo neonatal ou audioloxía infantil.
 - Realización de traballos de investigación (publicados ou presentados en congresos) sobre audioloxía infantil.
 - Realización de tese de doutoramento sobre un tema de audioloxía infantil.
- Experiencia en programas de cribado auditivo, recoñecida mediante, alomenos, unha das seguintes formas:
 - Organización e xestión dun programa de cribado auditivo.
 - Colaborador do Programa galego para a detección da hipoacusia en período neonatal.

Cualificación de mantemento

- Realización de, alomenos, un curso ó ano relacionado de entre os que se oferten como formación continuada no hospital ou especificamente pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

MÉDICO ASOCIADO

Denominación

Médicos asociados á unidade de cribado.

Identificación

Serán designados polos órganos directivos do hospital por proposta da comisión. O/A supervisor/a do programa fixará o número mínimo de médicos asociados que require cada unidade de cribado. A relación dos médicos asociados daráselles a coñecer a tódolos integrantes da unidade de cribado así como ós médicos e enfermeiras que atendan na área de pediatría.

Funcións

Asume certas funcións do/a supervisor/a cando este non as pode exercer:

- Información ós pais dos nenos referidos para diagnóstico.
- Información a usuarios por petición de coordinadora ou médicos.
- Información e publicitación do programa dentro do hospital.
- Resolución de preguntas e condución de queixas.

Responsabilidade

- Substitución do supervisor/a nas súas funcións cando este/a non poida exercela.
- Control da información ós pais.

Sistema relacional

Horizontal

Supervisor/a da unidade.

Ó asumir funcións do/a supervisor/a:

Vertical

Ascendente

Comisión hospitalaria.

Descendente

Coordinador/a da unidade de cribado.

Horizontal

Unidade central.

Cualificación de entrada

- Formación académica: licenciado en medicina e cirurxía. Especialista en pediatría, otorrinoloxía ou foniatría.

Cualificación de mantemento

- Realización de, alomenos, un curso ó ano relacionado, de entre os que se oferten como formación continuada do hospital ou especificamente pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

COORDINADOR/A DE ENFERMERÍA

Denominación

Coordinador/a da unidade de cribado.

Identificación

A súa designación, realizada polos órganos directivos do hospital, seralles comunicada á unidade central, a tódolos integrantes da unidade de cribaxe e a todo o persoal do hospital relacionado: médicos e enfermeiras que atendan nas áreas de pediatría, ORL e foniatría pediátrica.

Funcións

- Funcións propias ou persoais:
 - Control e supervisión do cribado.
 - Detección de perdas no cribado.
- Funcións que poden ser delegadas en persoal cribador baixo a súa supervisión:
 - Introducción de datos.
 - Control de necesidades.
 - Mantemento dos equipos.
- En ausencia do/a coordinador/a as súas funcións asumiraas a persoa que asuma a coordinación ou supervisión da unidade de enfermería correspondinte.

Tarefas que hai que realizar

- Tarefas propias ou persoais:
 - Propoñe-lo número de cribadores necesarios na súa unidade de cribado para asegura-la realización deste.
 - Distribución do traballo entre os cribadores.
 - Busca dos casos non cribados e recitación destes mediante contacto telefónico.
 - Asistencia periódica a sesións de cribado (periodicidade fixada pola comisión hospitalaria) e, especificamente, segundo os indicadores.
 - Asistencia ás reunións de coordinación.
- Tarefas que poden ser delegadas en persoal cribador baixo a súa supervisión:
 - Rexistro dos neonatos mediante formalización da folla de rexistro e introducción dos datos se o rexistro non o realiza o hospital (Servicio de Admisión).
 - Introdución dos resultados no programa informático.
 - Envío de datos á Dirección Xeral Saúde Pública.
 - Solicitude e comprobación de cita na unidade de diagnóstico nos nenos derivados.
 - Avisa-lo supervisor ou médico asociado nos casos de positivo ou non cribable.

Responsabilidade

- Realización do cribado a tódolos neonatos.
- Identificación e cita dos non cribados.
- Correcta derivación dos casos.
- Vixilancia de perdas do cribado.

Sistema relacional

Vertical

Ascendente

Comisión hospitalaria. Supervisor/a da unidade de cribado. Médicos asociados.

Descendente

Cribadores/as.

Horizontal

Responsable do Programa (unidade central).

Cualificación de entrada

- Formación académica: Diplomatura universitaria en enfermería ou equivalente.
- Exercer como coordinador/a ou supervisor/a de unidade no hospital.
- Realización do curso de capacitación para cribadores.

Cualificación de mantemento

- Realización de, alomenos, un curso ó ano relacionado, de entre os que se oferten como formación continuada do hospital ou especificamente pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

CRIBADOR

Denominación

Cribador/a auditivo.

Identificación

Os cribadores auditivos serán designados polos órganos directivos propios do hospital por proposta do/a coordinador/a da unidade. Elaboraranse unha lista con eles e asignaráselle a cada un un código identificativo.

Funcións

- Información ós pais.
- Realización do test.
- Información ós pais de resultado negativo.
- Coidado do equipo.

Tarefas que hai que realizar

- Información e entrega do folleto explicativo ós pais.
- Realización do test segundo o manual de operacións.
- Encontro cos pais para informar do resultado se este é negativo.
- Coidados diarios do equipo.
- Información ó/a coordinador/a das incidencias e necesidades diarias.

Responsabilidade

- Coidado e bo uso dos equipos de cribado.
- Información clara e sinxela ós pais. Entrega do folleto.
- Cumpri-lo procedemento do cribado.
- Información do resultado (ó/á coordinador/a ou ós pais).

Sistema relacional

Vertical

Ascendente

Coordinador/a da unidade de cribado. Supervisor/a da unidade de cribado.

Cualificación de entrada

- Formación académica: diplomatura universitaria en enfermería ou equivalente.
- Realización do curso de capacitación para cribadores.

Cualificación de mantemento

- Realización dos cursos de formación continuada ofertados pola Dirección Xeral de Saúde Pública a través do Programa.

RECURSOS MATERIAIS

EQUIPO DE CRIBADO

Sistema de cribado auditivo neonatal mediante potenciais evocados automatizados.

Criterios de compra

- Sensibilidade e especificidade da proba, avalada por documentación científica.
- Sinxeleza de uso.
- Garantía e capacidade de resposta rápida á avaría.
- Tempo de realización da proba.
- Versatilidade na selección do estímulo.
- Capacidade de integración en equipo informático e integración en rede.
- Prezo.

Plan de mantemento

- O plan de mantemento será fixado por cada unidade e a unidade central en relación co equipo subministrado e a casa comercial que o subministra.
- Cando o equipo se compoña de ordenador portátil e sistema de potenciais evocados.
 - O mantemento do ordenador portátil e dos aplicativos e programas utilizados é responsabilidade do hospital.
 - O mantemento do equipo de potenciais evocados é responsabilidade da unidade central, que establecerá os períodos de calibración, substitución dos cables e revisión periódica polamarca.
- Realizarase un protocolo de mantemento elaborado pola unidade de cribado, que incluírá:
 - Identificación do responsable do equipo que, por omisión, será a coordinadora.
 - Identificación da persoa de contacto en informática.
 - Lugar de almacenamento e control de seguridade.

Procedemento en caso de mal funcionamento

- Se un cribador/a advirte mal funcionamento do equipo, avisará a persoa de contacto na unidade (por omisión, o/a coordinador/a), que será a encargada de comproba-lo mal funcionamento:
 - Se o problema está relacionado co ordenador portátil ou os aplicativos ("software"), a coordinadora ou persoa responsable porase en contacto co Servicio de Informática para a revisión do problema. Se non é posible repara-lo erro, a coordinadora porase en contacto coa unidade central, á que informará para toma-las medidas oportunas.
 - Se o problema está relacionado co sistema de potenciais evocados (electrodos, auriculares ou sondas, cables e caixa de potenciais), a coordinadora porase en contacto coa unidade central, á que informará.

Identificación

O equipo será identificado mediante un código asignado pola unidade central.

IMPRESORA

Impresora conectada ó equipo de cribado para a impresión dos resultados en forma de etiqueta e para a impresión de informes.

Criterios de compra

- Adaptación ó equipo de cribado.
- Tamaño e peso.
- Versatilidade.
- Prezo.

Plan de mantemento

O mantemento será responsabilidade do hospital.

Identificación

O equipo será identificado mediante un código asignado pola unidade central así como inventariado polos sistemas de electromedicina de cada hospital.

Procedemento no caso de mal funcionamento

- Persoa de contacto na unidade, que será a encargada de comproba-lo mal funcionamento e comunicarllo á persoa de contacto do hospital encargada do mantemento das impresoras.

MATERIAL FUNXIBLE CRIBADO

Descrición

Electrodos dun só uso con xel e especificado para uso neonatal.

Sondas ou auriculares de espuma adhesivos.

Compra

Fará a adquisición a unidade central, que os distribuirá entre as unidades de cribado.

Almacenamento

A unidade de Cribado deberá ter material funxible para a realización de cribado entre 30 e 90 días. Cada unidade de cribado deberá establecer:

- O lugar de almacenamento.
- A cantidade de electrodos e auriculares que deben estar almacenados na unidade (segundo a medida de nacementos diaria).
- A persoa encargada (coordinador/a da unidade ou a persoa en quen delegue).

Procedemento de solicitude

Cando a cantidade almacenada sexa menor á necesaria para o cribado durante un mes, o/a coordinador/a solicitaralle á unidade central o envío do material.

MATERIAL FUNXIBLE PARA O REXISTRO

Descrición

Cadernos de follas para o rexistro de neonatos (anexo).

Compra

Adquiríaaas a unidade central, que as distribuirá entre as unidades de cribado.

Almacenamento

A unidade de cribado deberá ter cadernos suficientes para o rexistro dos neonatos entre 30 e 120 días. Cada unidade de cribado deberá establecer:

- O lugar de almacenamento.
- A cantidade de cadernos que deben estar almacenadas na unidade (segundo a media de nacementos diaria).
- A persoa encargada (coordinador/a da unidade ou a persoa en quen delegue).

Procedemento de solicitude

Cando a cantidade almacenada sexa menor á necesaria para o rexistro durante unmes, o/a coordinador/a solicitaralle á unidade central o envío domaterial.

MATERIAL FUNXIBLE INFORMÁTICO

Descrición

Folios con cabeceira, etiquetas adhesivas, tinta para impresora.

Compra

A subministración de material funxible e o mantemento dos equipos informáticos será responsabilidade do hospital.

Almacenamento

A unidade de cribado deberá ter material suficiente que requira o cribado dos neonatos entre 30 e 120 días. Cada unidade de cribado deberá establecer:

- O lugar de almacenamento.
- O material que debe estar almacenado na unidade (segundo a media de nacementos diaria).
- A persoa encargada (coordinador/a da unidade ou a persoa en quen delegue).

Procedemento de solicitude

Cando a cantidade almacenada sexa menor á necesaria para o rexistro durante un mes, o/a coordinador/a solicitará subministración de acordo co protocolo interno do hospital.

REDE INFORMÁTICA

Descrición

A remisión de datos do cribado á unidade central realizarase a través de rede informática, polo que:

- A Unidade de Cribado disporá dun equipo con posibilidade de conexión á rede informática do centro.
- A unidade de cribado terá acceso a unha conexión de rede hospitalaria.

Responsable

O sistema informático necesario para a conexión do equipo de cribado interno á rede hospitalaria, para o seu uso na introducción de datos ("software", tarxeta e cable) e o mantemento do "hardware" (que forma parte do equipo de cribado), será xestionado polo hospital

A conexión de rede, desde a roseta de conexión, será xestionada polo hospital, no seu mantemento e reparacións.

1.2.3.1. Procedementos

1.2.3.1.1. Identificación dos neonatos

A identificación e o rexistro dos neonatos poden ser asumidos polo hospital, como tarefa e responsabilidade do Servicio de Admisión, sendo entón, este servicio o responsable da calidade do procedemento. O hospital realizará:

- Rexistro dos neonatos, incluíndo, sempre os seguintes datos:

 - Sexo.
 - Orde de nacemento en partomúltiple.
 - N° de historia clínica do neonato.
 - Destino do neonato.
 - Apelidos do neno.
 - Concello de residencia da nai.
 - Orixe do neno.

- Listaxe diaria dos neotatos sen cribar, que se porá a disposición da unidade de cribado.

No caso de que o hospital non identifique e rexistre tódolos acabados de nacer, o procedemento de identificación será responsabilidade da unidade de cribado, que o realizará segundo se describe a continuación.

1.1. Redacción diaria dunha listaxe de neonatos vivos durante as 24 horas do día anterior

O/A coordinador/a da unidade de cribado anotará nunha lista (formato normativizado: folla do "Rexistro de neonatos e resultados do cribado", ver anexo) os nacidos vivos do día anterior, a partir do libro de rexistro de neonatos presente na área de partos dos hospitais. Identificaranse os neonatos segundo:

Se o neno foi ingresado, e ten número de historia:

- Sexo.
- Orde de nacemento en partomúltiple.
- N° de historia clínica do neonato.
- Destino do neonato.
- Apelidos do neno.
- Concello de residencia da nai.

Se o neno non foi ingresado, non ten número de historia:

- Sexo.
- Orde de nacemento en partomúltiple.
- Destino do neonato.
- Apelidos da nai.
- N° de historia clínica da nai.
- Concello de residencia da nai.

Unha vez recollidos os datos de identificación dos neonatos, o/a coordinador/a da unidade de cribado volverá á unidade e introduciráos na base de datos do sistema informático do programa, (gravaranse os datos dos neonatos independentemente de que se realice a proba varios días máis tarde: UCI neonatal, etc).

Introduciranse os datos de identificación básica:

Se o neno foi ingresado, e ten número de historia:

- Data de nacemento.
- Sexo.
- Orde de nacemento en parto múltiple.
- N° de historia clínica do neonato.
- Destino do neonato.
- Apelidos do neno.
- Concello de residencia da nai.

Se o neno non foi ingresado, non ten número de historia:

- Data de nacemento.
- Sexo.
- Orde de nacemento en parto múltiple.
- Destino do neonato.
- Apelidos da nai.
- N° de historia clínica da nai.
- Concello de residencia da nai.

1.2. Identificación dos neonatos trasladados desde outros centros

Poderanse incluír no programa neonatos trasladados dende outros centros sempre que o ingreso no hospital aconteza nos primeiros 28 días de vida do neno. Non se anotará no "Rexistro de neonatos e resultado do cribado". O/a coordinador/a da unidade de cribado introducirá no programa informático os datos de identificación do neno, indicando que o neno foi trasladado:

- Data de nacemento.
- Sexo.
- Orde de nacemento en parto múltiple.
- Nº de historia clínica do neonato.
- Destino do neonato.
- Apelidos do neno.
- Concello de residencia da nai.
- Traslado doutro centro.

1.3. Selección dos neonatos que se van cribar

Selección dos neonatos que deben ser cribados durante ese día.

O/A coordinador/a da unidade de cribado seleccionará os neonatos que van ser cribados durante ese día, tendo en conta os neonatos sans nados o día anterior e os que estiveron ingresados e serán dados de alta durante o día. Isto poderao realizar de dúas formas:

- Ben sinalando na listaxe de neonatos (folla do "Rexistro de neonatos e resultados do cribado") aqueles que deben ser cribados.
- Ben seleccionando a opción no sistema informático e obtendo unha listaxe dos neonatos sen cribar, dos que seleccionará os que deben ser cribados.

Seguidamente, comunicarlle ó persoal cribador quén son os neonatos que se van cribar, distribuíndo o traballo.

1.4. Control de Calidade

Nas unidades de cribado en que o rexistro de neonatos non é realizado polo hospital e é responsabilidade da unidade, o responsable do programa designará un técnico en cada unidade de cribado (pertencente ó hospital da unidade de cribado ou externo) e comunicarlle-la súa designación ó supervisor e ó coordinador da unidade de cribado.

Este técnico recollerá un 1 % aleatorio das follas de cribado e comprobará a existencia de tódolos datos e a súa correspondencia cos datos introducidos na base de datos. A periodicidade desta comprobación será cada tres meses durante os primeiros seis meses de funcionamento, e semestral a partir do sexto mes.

1.2.3.1.2. Información ós pais

2.1. Información previa á proba

Nos corredores da planta e nos cuartos colocaranse carteis informativos acerca do programa de cribado auditivo neonatal.

O persoal cribador explicarlle á nai que se lle vai realiza-lo cribado auditivo ó seu fillo, individualizando claramente a explicación (aínda que se poida aproveitar para dar outras informacións) e anotará este feito (a información ós pais) na folla de enfermería do neno ou da nai se o neonato non ten historia. Nos casos en que o neno estea ingresado en unidade de prematuros ou UCI neonatal, esta información poderá serlles facilitada ós pais por un médico asociado ó programa, durante a información sobre a evolución do neonato.

No caso de que algún dos pais non queira que o seu fillo sexa cribado, anotarase así na folla de enfermería da nai e do neonato (se se abriu), e indicarse este resultado (rexeitamento) no rexistro de cribado.

2.2. Información do resultado

Pasa

O persoal cribador informará que o neno pasou a proba de cribado, polo que non é necesario realizar outras probas. Esta información será posta á disposición dos pais ou titores de dúas formas:

- Información oral: mediante conversa coa nai ou responsable (se coa nai non fose posible).
 - **Neonato san:** tras realiza-la proba, no cuarto da nai, referíndose ó folleto explicativo de apoio entregado previamente.
 - **Neonato a tratamento:** nos casos nos que o neonato estea ingresado, a información poderase incluír na información médica cotiá da evolución do neno.
- Información escrita: coa entrega da “carpeta de saúde infantil” na que se incluír o resultado da proba (ben a carón desta ou adherida á páxina correspondente da “cartilla de saúde infantil”).

Non pasa

Neste caso, o/a cribador/a avisará o/a coordinador/a da unidade de cribado, que supervisará cómo se realizou a proba e se cómpre repetila. Se a proba é válida, o neno debe ser derivado a diagnóstico seguindo o procedemento de derivación para realización de diagnóstico (*ver procedemento 4: Derivación para realización de diagnóstico*).

Anotará a data da cita na carta de citación, co fin de lles ser entregada ós pais polo médico. Avisará o/a supervisor/a da unidade de cribado ou o médico asociado delegado para que informe a familia, entregándolle a carta de citación.

O médico que informa explicarálle-lo significado do resultado da proba ós pais e entregarálle-la carta de citación explicativa, na que constarán as persoas coas que contactar e cómo facelo en caso de ter algunha dúbida e a folia de consulta ou petición de interconsulta, coa data e a hora de consulta escrita nela.

Non válida

Denominaranse non válidos aqueles casos nos que se tentou realiza-la proba pero non foi posible completala. Neste caso, o/a cribador/a avisará o/a coordinador/a da unidade de cribaxo que supervisará cómo se realizou a proba e se cómpre repetila. Deberase repetir un mínimo dunha vez e un máximo de 2 (en total, entre 2 e 3 veces).

Se o neonato é alta, e só se realizou a proba (sen éxito) nunha ocasión, o/a coordinador/a de enfermería citarao para repetila proba na unidade de cribado, nun prazo máximo dunha semana (*ver procedemento de repesca*), informando ós pais da necesidade de repeti-la proba.

Se ó neonato se lle realizou a proba en 2 ou 3 ocasións sen poder completala (resultado non válida), o/a coordinador/a derivarao a diagnóstico seguindo o procedemento de derivación (*ver procedemento 4: Derivación para realización de diagnóstico*).

Anotará a data da cita na carta de citación, co fin de lles ser entregada ós pais polo médico. Avisará o/a supervisor/a da unidade de cribado ou o médico asociado delegado para que informe a familia, entregándolle a carta de citación.

O médico que informa explicarálle-lo significado do resultado da proba ós pais e entregarálle-la carta de citación explicativa, na que constarán as persoas coas que contactar e cómo facelo en caso de ter algunha dúbida e a folha de consulta ou petición de interconsulta, coa data e a hora de consulta escrita nela.

2.3. Control de calidade

Tomaranse como indicadores de calidade o resultado dunha enquisa de satisfacción dirixida a usuarios, realizada pola unidade central.

I.2.3.1.3. Realización da proba: cribado

3.1. Cándo

O/a coordinador/a da unidade de cribado sinalará o día de realización da proba, na procura de que esta se realice:

- Neonato san: o día seguinte do nacemento do neno.
- Neonato en unidade de prematuros ou UCIN: coordinarase co pediatra a cargo do neonato para realiza-la proba ó finaliza-lo tratamento, o máis próximo á alta.

3.2. Ónde

Cada unidade de cribado fixará o lugar en que se realizará o cribado, cando este non sexa posible realizalo no cuarto da nai. Realizarase o cribado seguindo o manual de operación.

A asignación do lugar de cribado será realizada polo/a supervisor/a da unidade de cribado e o/a coordinador/a da unidade de cribado, en coordinación coa dirección do hospital.

3.3. Cómo

Segui-lomanual de procedemento do equipo.

3.4. Identificación de resultados da proba

Os resultados posibles trala realización dunha proba de cribado son:

Pasa (P)

Denominaranse "PASA" aqueles casos nos que se completou a proba nos dous oídos e se acadou un resultado negativo ("Pasa" ou "Pass") en ambos.

- Na folla de rexistro escribírase ou sinalárase "PASA" ou "P".
- Un informe cos resultados será introducido na historia clínica do neno ou da nai se o neno non tivese historia clínica.
- O resultado entregaráselles ós pais xunto coa carpeta de saúde infantil. O resultado debe ser introducido no espazo destinado para iso na cartilla de saúde, ou entregaráselles ós pais un informe cos resultados xunto coa carpeta de saúde para o pediatra de cabeceira.

Non pasa (NP)

Diferénciase entre o resultado de “non pasa” unilateralmente e “non pasa” bilateral pola diferente severidade e importancia no desenvolvemento do neonato nun caso e outro. Tódolos neonatos con resultado de “non pasa” unilateral ou bilateral deben ser remitidos para confirmación diagnóstica. Os neonatos con resultado de non pasa bilateral deben ser priorizados na realización de probas diagnósticas.

Denominaranse “NON PASABILATERAL” aqueles casos nos que se completou a proba nos dous oídos e se acadou un resultado positivo (“Non pasa” ou “refer”) nos dous oídos.

Denominaranse “NON PASA UNILATERAL” aqueles casos nos que se completou a proba nos dous oídos e se acadou un resultado positivo (“Non pasa” ou “refer”) nun deles.

- ⦿ Na folla de rexistro escríbese o resultado:
 - ⦿ “NON PASA UNILATERAL” ou “NPU” se é unilateral.
 - ⦿ “NON PASA BILATERAL” ou “NPB” se é bilateral.
- ⦿ Un informe con resultados será introducido na historia clínica do neno ou da nai se o neno non tivese historia clínica.
- ⦿ O resultado entregaráselles ós pais xunto coa carpeta de saúde infantil. O resultado debe ser introducido no espazo destinado para iso na cartilla de saúde, ou entregaráselles ós pais un informe cos resultados xunto coa carpeta de saúde para o pediatra de cabeceira.

Non válida (NV)

Denominaranse non válidos aqueles casos nos que se tentou realiza-la proba pero non foi posible completala nos dous oídos (polos movementos do neonato, por ruído ambiente, etc.). Haberá que identificar o resultado de cada proba e introduci-lo na aplicación informática:

- Na folla de rexistro escribirase "NON VÁLIDA" ou "NV".
- Un informe cos resultados será introducido na historia clínica do neno ou da nai se o neno non tivese historia clínica.

Neste caso, repetirase a proba un mínimo de dúas ocasións e un máximo de tres, e se non é posible chegar a un resultado de pasa ou non pasa, será remitido a diagnóstico, igual que se o resultado da proba fose "NON PASA", e estará identificado o resultado:

- Na folla de rexistro escribirase "NON VÁLIDA" ou "NV".
- Un informe cos resultados será introducido na historia clínica do neno ou da nai se o neno non tivese historia clínica.
- O resultado entregáraselles ós pais xunto coa carpeta de saúde infantil. O resultado debe ser introducido no espacio destinado para iso na cartilla de saúde, ou entregáraselles ós pais un informe cos resultados xunto coa carpeta de saúde para o pediatra de cabeceira.

3.5. Control de calidade

O responsable do programa (unidade central) designará un técnico en cada unidade de cribado (pertencente ó hospital da unidade de cribado ou externo) e comunicarlle-la súa designación ó supervisor e ó coordinador da unidade de cribado. Este técnico obterá do equipo de cribado a representación gráfica das curvas do potencial auditivo evocado xerado dunha mostra aleatoria do 1% dos neonatos cribados. O técnico revisará os datos de realización do test (interferencias, ruído ambiente, tempo de realización) e confirmará o resultado do test. En caso necesario, o técnico poderá cita-lo bebé na consulta para proba-la súa audición.

A periodicidade desta comprobación será cada dous meses durante os primeiros seis meses de funcionamento e semestral a partir do sexto mes.

1.2.3.1.4. Derivación para realización de diagnóstico

No caso en que o resultado da proba sexa "Non pasa" ou "Non válida", o/a cribador/a avisará o/a coordinador/a da unidade de cribado, que supervisará cómo se realizou a proba e se cómpre repetila.

Se a proba foi feita en condicións óptimas (manual de operación) e o resultado é "Non pasa" (ou "refer") unilateral ou bilateral, ou se non é posible completa-la proba en dúas ou tres ocasións (proba "non válida"), o neno ten que ser derivado á consulta de diagnóstico.

Se o resultado da proba é **Non pasa bilateral ou Non válida**: o/a coordinador/a solicitará unha cita coa unidade de diagnóstico para ser consultado ó mes da alta, xa sexa a

través do programa informático de rexistro de cribado de xordeira ou contactando coa unidade administrativa de citación correspondente (sempre e cando o bebé teña alomenos un mes de idade, corrixida o día da consulta; en caso contrario atrasarase ata que isto suceda), cunha variación dunha semana antes ou despois.

Cada unidade de cribado establecerá o procedemento interno para a citación do neno na unidade de diagnóstico segundo as canles de citación do hospital, sempre que o neno sexa citado antes de saír do centro.

Anotará a data da cita na cartilla de saúde, na aplicación informática de cribado e na carta de citación. Avisará o/a supervisor/a da unidade de cribado ou o médico asociado delegado para que informe a familia, entregándolle a carta de citación.

Se o resultado da proba é **Non pasa unilateral**: o/a coordinador/a solicitará unha cita para diagnóstico otorrinolaringolóxico na unidade de diagnóstico ou na consulta establecida polo hospital para estes nenos.

Cada unidade de cribado establecerá o procedemento interno para a citación do neno na unidade de diagnóstico segundo as canles de citación do hospital, sempre que o neno sexa citado antes de saír do centro.

Anotará a data da cita na cartilla de saúde, na aplicación informática de cribado e na carta de citación. Avisará o/a supervisor/a da unidade de cribado ou o médico asociado delegado para que informe a familia, entregándolle a carta de citación.

1.2.3.1.5. Busca de casos perdidos

5.1. Localización dos neonatos non cribados

Tódolos neonatos son identificados e rexistrados diariamente ben polo Servicio de Admisión do centro ou pola unidade de cribado (anotación dos neonatos na folla do Rexistro de neonatos e resultado do cribado, e introducción dos datos na aplicación informática). O/A coordinador/a da unidade comprobará a lista diariamente. Se un neonato é dado de alta antes de realiza-lo cribado, o/a coordinador/a poderá comprobar que falta o resultado da folla de cribado e que na base de datos consta como non cribado, polo que se denominará caso non cribado e se tentará a REPESCA.

5.2. Causas

As causas polas que non se realizou ou non se completou o cribado.

5.2.1. Cribado non realizado

Fallo do equipo ou falta de subministración

Se o equipo non se pode utilizar ou non hai material funxible abondo para realiza-lo cribado, seguirase o procedemento antes citado e agardarase para realiza-lo cribado. Se os neonatos son dados de alta, o/a coordinador/a de enfermería citaraos para repeti-la proba nun prazo axeitado coa posibilidade de emenda-los erros. Introducirase no programa informático a causa de non cribado, o motivo e a data da cita. Cada unidade de cribado deberá ter previsto o procedemento que se seguirá no caso en que deban ser citados para cribado un número elevado de nenos.

Alta sen cribar

Denomínase alta sen cribar se o neno sae do hospital á casa sen realiza-la proba, tras cumprirse 36 horas do seu nacemento. Neste caso, utilizando os datos de identificación, o/a coordinador/a de enfermería tentará localiza-los pais ou titores do neonato (teléfono, carta) para cita-los no prazo dunha semana. Introducíranse no programa informático os datos correspondentes: proba non realizada, motivo, se ten cita e a data da cita.

Alta precoz

Chamase alta precoz cando o neno se vai do hospital á casa sen realiza-la proba, antes de se cumpriren 36 horas do seu nacemento. Neste caso, utilizando os datos de identificación, o/a coordinador/a de enfermería tentará localiza-los pais ou titores do neonato (teléfono, carta) para cita-los no prazo dunha semana. Introducíranse no programa informático os datos correspondentes.

Rexeitamento

Se os pais dun neonato se negan a que se lle realice a proba, ó seu fillo anotarase o feito na folla de rexistro e no programa informático. Deixarase constancia do feito explicitamente na historia de enfermería da nai ou do neno, conforme foron informados do obxectivo, método e resultados previsibles do test e que non quixeron que o seu fillo se sometese á proba. Neste caso non se tentará repesca.

Traslado

Denominarase traslado cando o neno é trasladado a outro centro sanitario sen realiza-la proba. Neste caso, a proba deberá ser realizada no centro ó que foi trasladado ó neno.

Morte

Se o neonato faleceu antes de realiza-la proba, introducirase este dato como resultado do cribado no programa informático.

Imposibilidade anatómica

Se o neonato padece algunha malformación que impida a realización da proba e deba ser consultada na unidade de diagnóstico (microtia, axenesia de conducto...)

5.2.2. Cribado non completado

Proba non válida

Se non se puido completa-la proba ("non válida"), deberase repetir un mínimo dunha vez e un máximo de 2 (en total entre 2 e 3 veces). Se o neonato é alta e só se realizou a proba (sen éxito) nunha ocasión, o/a coordinador/a de enfermería citarao para repeti-la proba nun prazo máximo dunha semana. Introduciranse no programa informático os datos correspondentes: proba non válida e a data da cita.

5.3. Repesca

Se o/a coordinador/a atopa un neonato que deba ser citado para cribado, procederá da seguinte forma:

- Localizará os pais ou titores do neno (teléfono, carta), e informaraos sobre a necesidade de face-la proba.
- Se non a rexeitan, concertará con eles unha cita, no prazo dunha semana, para repeti-lo cribado, na unidade de cribado máis preto do seu domicilio. Se a unidade de cribado non é a mesma na que naceu o neno, avisará telefonicamente á coordinadora da outra unidade de cribado.
- Introducirá os datos no programa informático.

O día que acuda á proba, introduciranse os resultados da proba como outra proba na aplicación informática, seguindo o protocolo de cribado tal e como se explica antes.

5.4. Comprobación á alta

Recoméndase que nas unidades de neonatoloxía e niño con unidade de cribado auditivo neonatal, ó lle entregar á nai o informe da alta médica (da puérpera se é un neonato san ou do neonato se este foi ingresado), a persoa encargada en cada servizo de entrega-la alta comprobará que consta o resultado do cribado na documentación entregada.

1.2.3.1.6. Introducción de resultados

6.1. Método

Os resultados que se remitirán ó centro de datos serán os contidos no sistema informático. Serán introducidos polo/a coordinador/a da unidade de cribado ou cribador/a autorizado. As follas de Rexistro de neonatos e resultados do cribado serán arquivadas en cada unidade.

O/A coordinador/a da unidade de cribado irá introducindo diariamente os resultados de cada unha das probas realizadas, que chegarán ó centro de datos para a súa análise.

6.1.1. Se o resultado do test é PASA, introducíranse os seguintes datos

Datos introducidos previamente: identificación

- Data de nacemento.
- Sexo e orde de nacemento en partomúltiple.
- Destino do neonato.
- Apelidos do neno ou da nai.
- Concello de residencia da nai.
- N° de historia do neonato e, no seu defecto, n° de historia da nai.
- Traslado (si/non).

Datos que hai que introducir

- Cribador.
- Data de realización da proba.
- Resultado do test.

6.1.2. Se o resultado do test é NON PASA, introducíranse os seguintes datos**Datos introducidos previamente: identificación**

- Data de nacemento.
- Sexo e orde de nacemento en partomúltiple.
- Destino do neonato.
- Apelidos do neno ou da nai.
- Concello de residencia da nai.
- N° de historia do neonato e no seu defecto, n° de historia da nai.
- Traslado (si/non).

Datos que hai que introducir

- N° de cribador.
- Data de realización da proba.
- Resultado do test: non pasa: unilateral (NPU) ou bilateral (NPB).
- Idade xestacional ó nacer.
- Data de cita na unidade de diagnóstico.

6.1.3. Se o resultado do test é NON VÁLIDO, introducíranse os seguintes datos**Datos introducidos previamente: identificación**

- Data de nacemento.
- Sexo e orde de nacemento en partomúltiple.
- Destino do neonato.
- Apelidos do neno ou da nai.
- Concello de residencia da nai.
- N° de historia do neonato e, no seu defecto, n° de historia da nai.

Datos que hai que introducir

- N° de cribador.
- Data de realización da proba.
- Resultado do test: ó se-lo resultado non válido:
 - Se require repetición do cribado: cita para cribado.
 - Se require unidade de diagnóstico: idade xestacional e data de cita para unidade de diagnóstico.

6.1.4. Se o test non se realizou, introducíranse os seguintes datos

Datos introducidos previamente: identificación

- Data de nacemento.
- Sexo e orde de nacemento en partomúltiple.
- Destino do neonato.
- Apelidos do neno ou da nai.
- Concello de residencia da nai.
- N° de historia do neonato e, no seu defecto, n° de historia da nai.
- Traslado (si/non).

Datos que hai que introducir

- N° de cribador.
- Data na que se graban os datos.
- Resultado do test: non realizado, abíranse os seguintes campos:
 - Motivo:
 - Alta precoz.
 - Traslado.
 - Alta sen cribar.
 - Rexeitamento
 - Fallo do equipo.
 - Fallo de subministración.
 - Morte.
 - Outra.
- Se cómpre citalo para repeti-la proba, abíranse os campos:
 - Data de cita na unidade de cribado.
 - Unidade de cribado.

I.3. FORMACIÓN

Tódolos integrantes das unidades de cribadores recibirán formación de entrada específica, deseñada e impartida pola unidade central, mediante cursos de formación, para coordinadores e médicos asociados e para cribadores.

1.3.1. Curso para cribadores

Denominación

“TALLER DE CAPACITACIÓN PARA O PROGRAMA GALEGO PARA A DETECCIÓN DA XORDEIRA EN PERIODO NEONATAL”.

Horas lectivas

8: 4 teóricas e 4 prácticas.

Destinatarios

DUE ou equivalente das unidades de Puerperio e Neonatoloxía dos hospitais con cribado, que se vaian integrar como cribadores na unidade de cribado.

Obxectivos

- Adquisición de coñecementos básicos en audición e cribado.
- Capacidade para prover información básica acerca da prevalencia da hipoacusia e os seus efectos.
- Formación en medios técnicos para realiza-lo cribado: uso do sistema AABR.
- Formación en manexo do neonato en relación co cribado.
- Formación sobre a implantación do sistema, organización deste, protocolos e canles de derivación.
- Desenvolvemento de capacidade para a comunicación cos pais.

Contidos

⊕ Parte teórica (sesión conxunta):

⊕ Introducción:

- ⊕ Xordeira no neonato: importancia do cribado.
- ⊕ Bases en fisioloxía auditiva.
- ⊕ Cribar: significado dunha proba de cribado.
- ⊕ Cribar vs diagnosticar.

⊕ Aparello de cribado:

- ⊕ Descrición externa e tecnolóxica breve.
- ⊕ Como funciona.
- ⊕ Problemas e solucións.
- ⊕ Mantemento.

⊕ Método de cribado:

- ⊕ Explicación do protocolo de cribado: vías de derivación.
- ⊕ Cándoo, ónde, cómo, ...
- ⊕ Preguntas dos pais: respostas.

⊕ Parte práctica.

⊕ Explicación sobre o terreo dos elementos do equipo de cribado:

- ⊕ Aparello e cables.

⊕ Folla de cribado.

⊕ Manual e libro de cribado.

⊕ Explicación do programa de datos e remisión de datos.

DIAGNÓSTICO



Director Xeral de Saúde Pública

José Manuel Barral Castro

Dirección técnica

José Luis Aboal Viñas

Teresa Cerdá Mota

Elaboración e redacción

Pablo Parente Arias

Ramón Vizoso Villares

Asesores externos

Paloma Puime Montero

Subdirección Xeral de Programas Asistenciais

Andrés Soto Varela

Clotilde Rodríguez Martull

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Estrella Pallas Pallas

Dionisio Alonso Párraga

Complexo Hospitalario Xeral Cíes

M^a Eugenia Pérez Fernández

Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo

ÍNDICE

I.1. INTRODUCCIÓN	7
I.2. UNIDADE DE DIAGNÓSTICO	9
I.2.1. Organización	9
I.2.1.1. Funcións	9
I.2.1.2. Tarefas	9
I.2.1.3. Recursos humanos	10
I.2.1.4. Recursos materiais	12
I.2.2. Procedementos	13
I.2.2.1. Primeira consulta	13
I.2.2.2. Consulta de audioloxía	15

I.1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo dun programa de detección precoz da hipoacusia neonatal é a mellora da calidade de vida dos nenos nados con hipoacusia incapacitante (hipoacusia neurosensorial bilateral con limiar peor de 40 dB), a través da intervención sobre a audición e a linguaxe nos primeiros meses de vida (antes dos 6 meses de idade).

Unha vez realizado o cribado, os neonatos con posibilidade de padecer hipoacusia incapacitante deben ser derivados a unha consulta especializada que realice a confirmación diagnóstica.

Para iso créanse en diversos hospitais galegos unidades funcionais integradas por persoal do centro, que se encargarán de realiza-lo estudio diagnóstico dos lactantes remitidos das unidades de cribado por sospeita de hipoacusia incapacitante (bilateral permanente maior de 40 dB).

A unidade de diagnóstico é, polo tanto, a encargada de confirmar ou descartar en cada caso a existencia de hipoacusia bilateral permanente, avalia-la súa severidade, informa-los pais dos achados e conduci-lo paciente diagnosticado á unidade de tratamento correspondente.

Para iso, a unidade de diagnóstico debe contar con persoal especializado e cualificado para a realización de probas audiolóxicas a lactantes e acceso ás probas básicas e complementarias que permitan realizar un diagnóstico de presunción e unha valoración da audición residual acertada antes dos seis meses de idade, o que permitirá o inicio do tratamento de forma precoz.

As unidades de diagnóstico serán apoiadas pola unidade central, pertencente ó Servicio de Programas Poboacionais de Cribado da

Dirección Xeral de Saúde Pública, e encargarse da elaboración dos indicadores de saúde correspondentes a partir dos datos remitidos pola unidade de diagnóstico, así como de face-los públicos.

I.2. UNIDADE DE DIAGNÓSTICO

I.2.1. Organización

I.2.1.1. FUNCIONES

- Realización do diagnóstico de hipoacusia neurosensorial bilateral moderada, severa ou profunda dos neonatos derivados para diagnóstico desde a unidade de cribado dentro do Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal.
 - Caracterización audiolóxica da hipoacusia.
- Derivación dos nenos diagnosticados de hipoacusia neurosensorial bilateral moderada a profunda á unidade de tratamento correspondente.
- Información ó usuario.
- Información á unidade central.

I.2.1.2. TAREFAS

- Realización de consulta de audiología clínica.
- Realización ou indicación de probas complementarias.
- Formalización da historia clínica normalizada.
- Formalización da folla de seguimento diagnóstico do PGDXPN e remisión desta á unidade central do programa (ver anexo).
- Información oral ós pais dos nenos derivados.
- Realización de informes médicos.

I.2.1.3. RECURSOS HUMANOS

OTORRINOLARINGÓLOGO

Denominación

Audiólogo da unidade de diagnóstico.

Identificación

Será designado polos órganos directivos do hospital. O hospital comunicaralle á unidade central os nomes dos especialistas en otorrinolaringoloxía que formen parte da unidade de diagnóstico.

Funcións

- Realización do diagnóstico audiolóxico.
- Establecemento do limiar auditivo do neno diagnosticado de hipoacusia incapacitante (hipoacusia neurosensorial bilateral moderada a profunda).
- Derivación dos nenos diagnosticados á unidade de tratamento.
- Información:
 - Ó usuario, oral e escrita
 - Á unidade central

Tarefas

- Realización de consulta médica especializada.
- Realización ou indicación de probas complementarias
- Formalización da historia clínica normalizada
- Formalización da folla de seguimento diagnóstico do PGDXPN e remisión desta á unidade central do programa
- Información oral ós pais dos nenos derivados
- Realización de informes médicos.

Responsabilidade

- Realización do diagnóstico
- Comunicación co usuario: información dos resultados.

Cualificación de entrada

Especialista en otorrinolaringoloxía.

- Formación en audioloxía infantil:
 - Coñecementos de otorrinolaringoloxía infantil.
 - Coñecementos en hipoacusia neurosensorial e cribado auditivo universal.
 - Indicación, realización e/ou valoración de exploracións auditivas en lactantes (potenciais evocados, audiometrías conductuais, impedanciometría).

ENFERMEIRO DE CONSULTA

Denominación

Enfermeiro da unidade de diagnóstico.

Identificación

Será designado polos órganos directivos do hospital.

Funcións

- Asistencia técnica sanitaria na consulta de audioloxía infantil.

Tarefas

- Realización de probas do neno.
- Coidado do neno durante a realización de exploracións e probas polo audiólogo.
- As propias do persoal de enfermería de consulta.

Responsabilidade

- Asistencia na consulta.

Cualificación de entrada

Diplomatura en enfermería ou titulación equivalente.

- Formación en audioloxía:
 - Coñecementos ou experiencia na realización de exploracións auditivas (audiometría, impedanciometría).
 - Habilidade nomanexo de lactantes e preescolares.

I.2.1.4. RECURSOS MATERIAIS

CONSULTA DE AUDIOLOXÍA INFANTIL

- O lugar físico de consulta debe estar adaptado:
 - Ó tipo de exploración: espacio e insonorización.
 - Ó paciente: zona de espera e espacio de consulta.
- Material básico de consulta de ORL (cadeira de exploración, padiola, otoscopio, aspiradores, ...).

ACCESO A PROBAS ESPECÍFICAS

- Potenciais evocados auditivos de tronco cerebral.
- Impedanciómetro con opción de impedanciometría de alta frecuencia.
- Audiómetro clínico.
- Xerador de sons portátil.

1.2.2. Procedementos

1.2.2.1. Primeira consulta

Realizarase primeira consulta naqueles casos remitidos pola unidade de cribado correspondente:

Quén

Os lactantes serán citados na consulta da unidade de diagnóstico pola unidade de cribado.

A primeira consulta será realizada polo otorrinolaringólogo da unidade de diagnóstico.

Qué

A primeira consulta distinguirá os neonatos con hipoacusia bilateral peor de 40 dB baseándose na realización de potenciais evocados auditivos de tronco cerebral.

Cándo

A primeira consulta realizarase ó mes de idade corrixida do lactante, salvo que o estado clínico do lactante dificulte ou impida a realización das probas ou a súa interpretación.

Cómo

Na primeira consulta realizarase:

- ⦿ De forma obrigatoria:
 - ⦿ Anamnese completa.
 - ⦿ Otoscopia.
 - ⦿ Realización de PEATC, con estimulación con clic aéreo de 40 e 75 dB en cada oído.
- ⦿ Exploracións recomendables.
 - ⦿ Impedanciometría.

Os achados anotarase na historia clínica e cubrirase unha folia de seguimento diagnóstico do PGDXPN.

Informaranse os pais ou titores dos resultados e entregaráselles un informe da consulta.

Se o resultado da exploración é compatible con hipoacusia bilateral peor de 40 dB (ausencia de resposta eléctrica a clic de 40 dB), remitiranse a unha nova consulta (consulta de audiología) na Unidade de Diagnóstico.

1.2.2.2. Consulta de audiología

Realizarase consulta de audiología naqueles casos:

Neonatos remitidos pola propia unidade de diagnóstico, ó encontrar que o resultado da exploración con potenciais evocados é compatible con hipoacusia bilateral peor de 40 dB (ausencia de resposta eléctrica a clic de 40 dB bilateral).

Quén

A consulta será realizada polo otorrinolaringólogo da unidade de diagnóstico

Qué

O obxectivo da ou das consultas posteriores á primeira consulta é o diagnóstico dos nenos con hipoacusia neurosensorial bilateral moderada, severa ou profunda para seren tratados de forma precoz, o que implica:

- Diagnóstico audiológico da perda auditiva.
- Configuración audiométrica da perda auditiva .
- Remisión á unidade de tratamento correspondente.

Cómo

A consulta consistirá nas seguintes exploracións (que poderán realizarse nunha consulta ou en varias sucesivas):

- ⦿ Exploracións obrigatoria:
 - ⦿ Otoscopia.
 - ⦿ Impedanciometría.
 - ⦿ Realización de PEATC, con estimulación con clic aéreo cada 10 dB entre 10 e 100 dB, en cada oído.
 - ⦿ Realización de PEATC, con estimulación con ton aéreo 500 Hz, 1000 Hz e 2000 Hz, para encontrar limiar, baseándose nos achados de PEATC con estimulación mediante clic.
- ⦿ Exploracións recomendables ou complementarias.
 - ⦿ Potenciais evocados con estimulación ósea.
 - ⦿ Rexistro de otoemisións acústicas.
 - ⦿ Test conductuais.

Os achados anotarase na historia clínica e cubrirase unha folla de seguimento diagnóstico do PGDXPN.

Se o resultado das exploracións é compatible con hipoacusia neurosensorial bilateral moderada, severa ou profunda, remitirase á unidade de tratamento, de forma que:

- ⦿ Os nenos con exploración compatible con hipoacusia neurosensorial bilateral moderada ou severa serán remitidos á unidade de tratamento (básica ou avanzada) que se designe.
- ⦿ Os nenos con exploración compatible con hipoacusia profunda ou cofose serán remitidos a unha unidade de tratamento avanzada.

TRATAMENTO



Director Xeral de Saúde Pública

José Manuel Barral Castro

Dirección técnica

José Luis Aboal Viñas

Teresa Cerdá Mota

Elaboración e redacción

Pablo Parente Arias

Ramón Vizoso Villares

Asesores externos

Paloma Puime Montero

Subdirección Xeral de Programas Asistenciais

Andrés Soto Varela

Clotilde Rodríguez Martull

Complejo Hospitalario Universitario de Santiago

Estrella Pallas Pallas

Dionisio Alonso Párraga

Flor Pérez Fernández

Complejo Hospitalario Xeral Cies

M^a Eugenia Pérez Fernández

Fátima Blanco Villaverde

Complejo Hospitalario Universitario Juan Canalejo

ÍNDICE

I.1. INTRODUCCIÓN	7
I.2. UNIDADE DE TRATAMENTO BÁSICA	9
I.2.1. Organización	9
I.2.1.1. Funcións	9
I.2.1.2. Tarefas	9
I.2.1.3. Estructura	10
I.2.1.4. Recursos humanos	10
I.2.1.5. Recursos materiais	14
I.2.2. Procedementos	15
I.2.2.1. Consulta de audioloxía	15
I.2.2.2. Indicación de tratamento	17
I.2.2.3. Amplificación protésica	18
I.2.2.4. Estimulación precoz	20
I.2.2.5. Criterios de alta do Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal	23

I.3. UNIDADE DE TRATAMENTO AVANZADO	24
I.3.1. Organización	24
I.3.1.1. Funcións	24
I.3.1.2. Tarefas	24
I.3.1.3. Estructura	25
I.3.1.4. Recursos humanos	25
I.3.1.5. Recursos materiais	30
I.3.2. Procedementos	31
I.3.2.1. Consulta de audioloxía	31
I.3.2.2. Indicación de tratamento	33
I.3.2.3. Amplificación protésica	34
I.3.2.4. Implante coclear	36
I.3.2.5. Estimulación precoz	38
I.3.2.6. Criterios de alta do Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal	40

I.1. INTRODUCCIÓN

O Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal ten como obxectivo o tratamento precoz dos nados con déficits auditivos incapacitantes. O tratamento convértese, polo tanto, na peza máis importante do programa xa que, se ben sen a realización de cribado auditivo non sería posible iniciar o tratamento de forma precoz, sen un tratamento adecuado, os beneficios posibles do seu inicio temperán non serían alcanzados.

As posibilidades de tratamento actualmente son diversas e varían en función de diferentes escolas e métodos. Por iso é fundamental a asunción de procedementos comúns que aseguren o tratamento correcto dos nenos derivados desde as unidades de diagnóstico ó ter sido detectada a hipoacusia. Estes procedementos foron redactados seguindo as indicacións dun grupo de traballo constituído por profesionais implicados no tratamento da xordeira infantil de diferentes hospitais da nosa comunidade autónoma.

O tratamento da xordeira neonatal debe incluír, de forma coordinada, a adecuación do estímulo auditivo segundo o limiar residual e a estimulación ou rehabilitación logopédica. A adecuación do estímulo auditivo lógrase mediante a adaptación de próteses auditivas cando os restos auditivos permiten a súa amplificación ou mediante a realización de implante coclear, cando se trate dunha xordeira profunda na que non se encontre melloría coa utilización de próteses. A estimulación dos nenos debe ir coordinada á intervención protésica e será realizada por profesionais debidamente formados.

Existen, polo tanto, diferencias no tratamento entre a hipoacusia moderada e severa e a hipoacusia profunda, o que esixe a delimitación de dous tipos de unidades de tratamento. O tratamento da xordeira profunda require unha especialización do persoal e

recursos materiais e humanos que poden non estar ó alcance de tódolos centros. Desta maneira, na guía preséntanse dous tipos de unidades de tratamento:

A unidade de tratamento básica realizará o tratamento e o seguimento dos nenos diagnosticados dentro do programa de hipoacusia moderada ou severa, mediante adaptación protésica e rehabilitación precoz.

A unidade de tratamento avanzada realizará o tratamento dos nenos diagnosticados polo programa, tanto hipoacusias moderada e severa (adaptación protésica) como profunda (realización de implante coclear)

Cada centro, dependendo dos recursos tanto materiais coma humanos de que dispoña, formará unha unidade de tratamento, ben sexa básica ou avanzada. Os nenos diagnosticados na unidade de diagnóstico serán remitidos á unidade de tratamento adecuada para a súa discapacidade namaneira que se dispoña.

Todas estas actividades serán apoiadas pola unidade central, pertencente ó Servicio de Programas Poboacionais de Cribado da Dirección Xeral de Saúde Pública, a organización da cal queda reflectida no punto de cribado. A unidade central recollerá os datos de diagnóstico e tratamento remitidos pola unidade de tratamento co fin de rexistralos e elabora-los indicadores do programa. Así mesmo, realizará apoio na formación e asesoría técnica na elaboración de protocolos.

I.2. UNIDADE DE TRATAMENTO BÁSICA

I.2.1. Organización

I.2.1.1. FUNCIONES

- Indicación e realización do tratamento dos nenos con hipoacusia neurosensorial bilateral moderada ou severa detectados dentro do Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal.
 - Indicación e control de próteses auditivas.
 - Indicación e realización de estimulación precoz auditiva.
- Realización do seguimento audiolóxico.
- Avaliación do resultado do tratamento.
- Información ó usuario.
- Información á unidade central.

I.2.1.2. TAREFAS

- Realización de consulta de audiología infantil:
 - Inicial (en caso de que o paciente sexa derivado doutro hospital).
 - Seguimento.
- Indicación e prescrición de próteses auditivas.
- Verificación da adaptación das próteses auditivas.
- Realización de consulta de foniatría infantil.
